

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36020234	IES de Barro	Barro	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Latín	4º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	8
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	26
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	26
6. Medidas de atención á diversidade	28
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	32
9. Outros apartados	33

1. Introducción

A materia de Latín de 4.º de ESO comprende distintos bloques de contidos de igual importancia, mais que non reciben nin unha mesma asignación horaria, nin un mesmo peso á hora de avaliar a materia.

Dado que a materia é latín, esta programación priorizará os contidos de natureza lingüística, que representarán o 60 % do peso na cualificación final, fronte aos contidos de tipo históricos, social, cultural, etc., que representarán o 40 %. Iso non quere dicir que os contidos culturais relacionados coa cultura clásica (mitoloxía, literatura, historia, arte clásicas), que tamén se tratan, non supoñan unha parte importante, con moita influencia nela.

A distribución de unidades didácticas merece tamén unha breve explicación. Parece conveniente introducir a materia dando ao alumnado unha serie de coñecementos de referencia que lle permitan contextualizar os contidos dos textos aos que vai acceder a través dos coñecementos lingüísticos que adquira neste curso. É por isto que se propón concentrar no inicio do ano académico unha serie de unidades didácticas que teñen como finalidade dotar ao alumnado destes coñecementos básicos. Isto non supón que estes aspectos non volvan ser tratados posteriormente durante o curso (dado que os culturais saíran en textos e traducións e que, no caso da lingua, as bases non poden ser esquecidas dunha avaliación a outra porque hai que seguir avanzando a partir delas. Todo o contrario, este coñecemento básico inicial facilitará que o alumnado poida entender e acceder mellor aos exercicios gramaticais e aos contidos dos textos, tanto en latín como en tradución que sexan obxecto de traballo.

En canto ao peso das unidades didácticas, hai que salientar que os contidos lingüísticos e parte dos culturais, requiren, normalmente, a aplicación dunha avaliación progresiva, dado que os contidos dunha unidade son tratados na seguinte e así sucesivamente. Así pois, o conxunto das unidades didácticas que se centran na parte lingüística contan o 60 % da cualificación final.

Evidentemente, tanto o número, o peso e a secuenciación das unidades didácticas poden ser modificados facilmente por cada persoa docente.

No aspecto cultural, trataremos a mitoloxía grecolatina (común a Grecia e Roma) a literatura (partindo da grega, para chegar á súa influencia sobre a latina e os seus autores) aspectos de historia e arte clásicos, e tamén a influencia do vocabulario grecolatino, dada a orixe latina das linguas romances (expresións habituais, cultismos, no mundo da ciencia, a medicina, o dereito, a política...)

Fica, finalmente, un aspecto por tratar: o alcance dos contidos gramaticais. Á hora de elaborar esta programación partiuse dunha dobre premisa. Por unha banda, a materia de Latín de 4.º de ESO debe ser considerada como o primeiro ano de lingua latina para o alumnado que opte polo Itinerario de Humanidades no bacharelato. Por outra, debe ser considerada como un achegamento á lingua latina para o alumnado que posteriormente non escolla a devandita modalidade de bacharelato ou ben opte por outro tipo de estudos. Así pois, optouse por abordar uns contidos básicos para potenciar, porén, a aprendizaxe da gramática básica e a dunha grande cantidade de vocabulario tamén básico, no que se inclúen fórmulas comunicativas orais e escritas. O alumnado, ao remate do curso, coñecerá en profundidade a categoría gramatical que lle resulta máis estraña, e os casos. Tamén as cinco declinacións. Na morfoloxía verbal non irá máis alá dos tempos simples e da voz activa, se ben se pode introducir marxinalmente a voz pasiva para explicar fórmulas ou expresións idiomáticas. Tamén adicaremos tempo ao uso correcto das preposicións, conectores básicos (os de coordinación en xeral) certos determinantes, pronomes e os adverbios (aquí incluída a súa formación). Con este deseño da programación o que se pretende conseguir é que o alumnado, ao cabo do curso, teña un coñecemento ben consolidado polo uso dunha morfoloxía básica do latín e, ademais, un coñecemento importante de vocabulario e das construcións sintácticas básicas máis frecuentes. Isto será, para o alumnado que continúe polo Itinerario de Humanidades, a base sobre a que proseguir o seu estudo e coñecemento da lingua latina.

Lémbrese que os contidos gramaticais concretos que se establecen como horizonte na programación modelo poden ser reducidos e/ou ampliados por cada persoa docente tendo como única limitación o establecido na lexislación vixente.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Valorar o papel da civilización latina na orixe da identidade europea, comparando e recoñecendo as semellanzas e diferenzas entre linguas e culturas, para analizar criticamente o presente.	2-3	1-2-3		1	1-3	1-2-3		1-2-3-4
OBX2 - Coñecer os aspectos básicos da lingua latina, comparándoa coas linguas de ensino e con outras linguas do repertorio individual do alumnado, para valorar os trazos comúns e apreciar a diversidade lingüística como mostra de riqueza cultural.	3	1-2-3	1	2	3-4	1-2	1-3	2-3
OBX3 - Ler e interpretar textos latinos, asumindo a aproximación aos textos como un proceso dinámico e tomando conciencia dos coñecementos e experiencias propias, para identificar o seu carácter clásico e fundamental.	2-3	1-2	1	1	4-5	3-4	1	1-2-3-4
OBX4 - Comprender textos latinos orixinais e adaptados e producir textos orais ou escritos breves en latín, traducindo do latín á lingua de ensino ou desenvolvendo estratexias de acceso ao significado dun enunciado sinxelo en lingua latina, no primeiro caso, e seguindo modelos dados, no segundo, para alcanzar e xustificar a comprensión propia dunha pasaxe ou a produción dun texto, oral ou escrito, sinxelo en latín.	2-4	1-2-3	1	2	3-4	1-3		2-3
OBX5 - Descubrir, coñecer e valorar o patrimonio cultural, arqueolóxico e artístico romano, apreciándoo e recoñecéndoo como produto da creación humana e como testemuño da historia, para identificar as fontes de inspiración e distinguir os procesos de construción, preservación, conservación e restauración, así como para garantir a súa sustentabilidade.	2-3	1-3		1-2-3	3-4	1-2-4	1	1-2-3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O mundo clásico e o seu legado: Mitoloxía, literatura e arte.	Nesta unidade didáctica trataremos a primeira parte da mitoloxía grecolatina (centrada nas cosmogonías, deuses e deusas) Tamén a literatura grecolatina, comezando pola épica grega (Homero coa	14	14	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O mundo clásico e o seu legado: Mitoloxía, literatura e arte.	<p>Íliada e a Odisea) e mostrando a súa influencia na épica latina, en concreto na Eneida (de Virxilio.) Leremos e comentaremos textos de Ovidio (Metamorfosis) relacionados coas cosmogonías e os mitos grecolatinos.</p> <p>Paralelamente hase insistir na importancia do legado do mundo clásico na sociedade europea e occidental en xeral: sistemas políticos e institucións, artes en xeral (especial referencia á importancia da mitoloxía nas artes plásticas).</p>	14	14	X		
2	Introdución á lingua latina. O latín, orixe das linguas romances.	<p>Nesta UD preténdese introducir aspectos básicos da lingua latina: orixe, parentesco con outras linguas europeas e do resto do mundo, abecedario, pronuncia, evolución do latín ás linguas románicas peninsulares, diferenzas entre palabras patrimoniais, semicultismos, cultismos e latinismos. Tamén termos do latín de distintos ámbitos, empregados nas nosas linguas.</p>	3	4	X		
3	Introdución a aspectos básicos de gramática latina.	<p>Nesta UD preténdese que o alumnado repase dun modo básico conceptos elementais e xerais de morfoloxía e sintaxe adquiridos noutras materias e que se familiarice con novos conceptos. É importante entender que o obxectivo é fundamentalmente consolidar coñecementos adquiridos noutras materias, establecendo equivalencias en caso de discrepancias terminolóxicas e procurando facer comprender categorías gramaticais alleas ao alumnado como son os casos e declinacións.</p>	3	4	X		
4	Lingua latina I	<p>Nesta UD o alumnado toma contacto por primeira vez coa lingua latina a través da lectura de textos adaptados. É fundamental o traballo de lectura, e pronuncia correctas, para que dun modo natural o alumnado vaia consolidando unha memoria auditiva das palabras de uso habitual. En morfoloxía nominal hanse tratar os xéneros, e os casos en substantivos e adxectivos da 1ª e 2ª declinacións nos números singular e plural. Estudiaranse así a 1ª e 2ª declinacións. En morfoloxía verbal analizaremos as conxugacións e estudarán o presente de indicativo e o pretérito imperfecto de indicativo do verbo sum e dos verbos regulares. Traduciranse oracións sinxelas con palabras da 1ª e 2ª declinación e tempos verbais vistos. Paralelamente hase adquirir a través do uso e da práctica o primeiro vocabulario latino,</p>	14	12	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
4	Lingua latina I	con especial atención a preposicións e conectores.	14	12	X		
5	A civilización latina. Perspectiva literaria e legado. Mitoloxía e literatura II	En mitoloxía grecolatina trataremos os heroes e heroínas. En literatura, o teatro, partindo dos autores gregos (Eurípides, Sófocles, Esquilo, Aristófanes) e chegando á súa influencia nos latinos (Terencio, Plauto e Séneca.) Tamén aspectos de historia de Roma e as súas obras arquitectónicas. Ademais a influencia da lingua latina nas romances.	14	14		X	
6	Lingua latina II.	Nesta unidade trataremos aspectos de gramática latina: - A 3ª declinación - Os futuros do verbo sum e dos verbos regulares. - Conectores, preposicións e adverbios. - Consolidación do estudado na unidade 4.	12	12		X	
7	Latín: da teoría á práctica. Aproveitamento da lingua latina para unha mellor expresión.	Nesta UD preténdese un achegamento á lingua latina como ferramenta para mellorar a comprensión das linguas coñecidas polo alumnado e a súa capacidade de expresión, tanto oral como escrita, tanto na lingua propia como noutras nas que se poida expresar. Especial atención a prefixos e raíces, e aos latinismos máis frecuentes. Tamén exercitaremos os coñecementos adquiridos traducindo oracións sinxelas que teñan palabras da 1ª, 2ª e 3ª declinacións e os tempos verbais: presente, pretérito imperfecto e futuro.	4	5		X	
8	Cultura clásica latina. Mitoloxía e literatura III.	Na parte de mitoloxía trataremos agora os humanos castigados polos deuses e os monstros mitolóxicos. Na literatura, a lírica, partindo de Safo para chegar a Ovidio, poeta latino no que nos deteremos, e a outros poetas latinos como Catulo, Horacio, Marcial... Mostraremos a súa importancia, lendo textos seus, e a súa influencia na literatura occidental posterior, especialmente de Ovidio.	12	14			X
9	Lingua latina. Fórmulas básicas da lingua diaria.	Nesta UD preténdese tamén que o alumnado domine de modo automático unhas mínimas fórmulas básicas da lingua latina como o saúdo, a despedida, frases para expresar que non entende algo, que quere que se repita, fórmulas de petición de permiso. O obxectivo é que interiorice certas expresións idiomáticas asociadas a	5	4			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
9	Lingua latina. Fórmulas básicas da lingua diaria.	<p>determinados contextos. Aquí pódense introducir aspectos como as cores, os tamaños, etc, sempre vinculados a preguntas e respostas básicas na vida diaria. Ademais trataremos a influencia do latín como elemento para deducir e ampliar vocabulario nas nosas linguas, co estudo de termos do mundo da medicina, dereito, política... e tamén de raíces, prefixos e sufixos latinos.</p> <p>Paralelamente hase adquirir máis vocabulario latino e consolidar o xa adquirido en unidades didácticas anteriores, con especial atención a preposicións, conectores e adverbios.</p>	5	4			X
10	Lingua latina IV.	<p>Nesta UD o alumnado segue a traballar a través da lectura, reflexión e realización de exercicios dende o latín ao latín. A nivel gramatical hanse tratar:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1 A 4ª e 5ª declinación. 2. Os pronomes persoais e os relativos 2. Na morfoloxía verbal o pretérito perfecto e o imperativo presente. 3. Afondamento no uso das preposicións, adverbios e conectores. <p>Paralelamente hase adquirir máis vocabulario latino e consolidar o xa adquirido en unidades didácticas anteriores.</p>	10	14			X
11	O latín e a cultura clásica.	<p>Nesta UD o alumnado segue a traballar a través da lectura, reflexión e realización de exercicios dende o latín ao latín. Tamén a lectura de textos latinos. Así vanse tratar:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. O emprego na práctica dos coñecementos adquiridos das declinacións, e tempos verbais simples, xunto con pronomes, determinantes, preposicións, conxuncións e adverbios, para traducir oracións sinxelas do latín ás nosas linguas. 2. A lectura de obras literarias de autores latinos, especialmente Ovidio. <p>Esta unidade aplicarase, con distinto nivel de dificultade, ás tres avaliacións.</p>	9	8	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O mundo clásico e o seu legado: Mitoloxía, literatura e arte.	14

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	Identificar o sentido global e as ideas principais e secundarias de textos clásicos dados, contextualizándoos.	PE	70
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Entender e explicar textos da mitoloxía e literatura grecolatina usando coñecementos teóricos dados para analízalos.		
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista das manifestacións artísticas máis salientables da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar algúns elementos do mundo grecolatino, especialmente os relacionados coa mitoloxía e a literatura, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións artísticas.		
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Comparar a Antigüidade latina co mundo actual, describindo semellanzas e diferenzas básicas.	TI	30
CA1.2 - Valorar de maneira crítica os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana en comparación cos das nosas sociedades a partir do contido de fontes latinas en diferentes soportes.	Valorar xustificadamente os modos de vida, costumes e actitudes da sociedade romana máis salientables en comparación cos das sociedades modernas.		
CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar manifestacións artísticas e literarias do mundo clásico desde unha perspectiva humanística.		
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Comparar elementos culturais da antigüidade latina co mundo actual, buscando influencias, parecidos e diferenzas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Achegamento ao papel do humanismo e a súa presenza na sociedade actual. Concepto orixinal de humanismo. - Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítico da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller. - Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos. - Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica. - Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión... - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia. - Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados.

UD	Título da UD	Duración
2	Introdución á lingua latina. O latín, orixe das linguas romances.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos simples, aplicando os coñecementos doutras linguas do repertorio individual propio.	PE	75
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		
CA2.1 - Valorar criticamente e adecuarse á diversidade lingüística e cultural á que dá orixe o latín, identificando e explicando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna, relacionándoos cos da propia cultura e desenvolvendo unha cultura compartida e unha cidadanía comprometida cos valores democráticos.	Valorar e adecuarse á diversidade lingüística á que dá orixe o latín, identificando semellanzas e diferenzas entre os elementos lingüísticos da contorna.	TI	25

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- O abecedario, a acentuación e as distintas pronunciacións da lingua latina: clásica, eclesíastica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado.

Contidos

- Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín.
- Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino.
- Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.
- Iniciación ao significado etimolóxico das palabras.
- Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.
- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.
- Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos.
- Importancia do latín como ferramenta de mellora da expresión escrita, oral e multimodal nas distintas linguas do repertorio lingüístico individual.

UD	Título da UD	Duración
3	Introdución a aspectos básicos de gramática latina.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	PE	70
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Tras coñecer os conceptos de caso e función, partir de casos para identificar as funcións e viceversa, en textos sinxelos dados.		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir e traducir textos sinxelos, de xeito guiado, empregando a identificación caso-función	TI	30

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos.
- Introdución á flexión nominal, pronominal e verbal.
- Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.

UD	Título da UD	Duración
4	Lingua latina I	12

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, declinando palabras da 1ª e 2ª declinación e identificando formas verbais latinas do presente e pretérito imperfecto de indicativo	PE	70
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos, centrados en palabras da 1ª e 2ª declinación e verbos en presente ou pretérito imperfecto de indicativo. Deberán usarse termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación realizada.		
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos da 1ª e 2ª declinación, transparentes ou case transparentes, aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio.	TI	30
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos utilizando as estruturas propias da lingua latina aprendidas na aula, limitados ós aspectos gramaticais dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos. - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Clases de palabras. Funcións básicas e sintaxe elemental dos casos. - Introducción á flexión nominal, pronominal e verbal. - Estruturas oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios. - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
5	A civilización latina. Perspectiva literaria e legado. Mitoloxía e literatura II	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Identificar os períodos da historia de Roma, os acontecementos e personaxes, así como os aspectos da civilización romana no seu contexto histórico, relacionando os datos con referentes actuais e aplicando os coñecementos adquiridos.	Identificar os principais períodos, acontecementos e personaxes da civilización e da historia de Roma.	PE	70
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Interpretar xustificadamente textos grecolatinos de dificultade adecuada, centrados na mitoloxía, atendendo ao contexto no que se produciron e á teoría estudada.		
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar aspectos e fragmentos de obras literarias grecolatinas especialmente salientables.		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar algúns elementos da civilización grecolatina, especialmente os relacionados coa mitoloxía, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar o carácter clásico e humanista e o contido das manifestacións literarias máis salientables da civilización grecolatina.	TI	30
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	Recoñecer o sentido global e as ideas principais de textos históricos latinos, contextualizándoos e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.		
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Describir o significado de produtos culturais salientables do presente, comparando as similitudes e diferenzas máis importantes coa Antigüidade latina.		
CA4.4 - Recoñecer as pegadas da romanización no patrimonio cultural e arqueolóxico da contorna, identificando os procesos de preservación, conservación e restauración como un aspecto fundamental dunha cidadanía comprometida coa sustentabilidade ambiental e o coidado do seu legado.	Recoñecer e valorar as pegadas da romanización no patrimonio cultural da contorna, facendo referencia a obras arquitectónicas romanas.		
CA4.5 - Expoñer de forma oral, escrita ou multimodal as conclusións obtidas a partir da investigación, individual ou colectiva, do legado material e inmaterial da civilización romana e a súa perduración no presente a través de soportes analóxicos e dixitais, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios de validez, calidade e fiabilidade.	Expoñer as conclusións obtidas a partir da investigación do legado literario da civilización grecolatina, seleccionando información, contrastándoa e organizándoa a partir de criterios dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítico da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller. - Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura. - Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos. - Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica. - Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión... - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia. - Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas. - A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Características do patrimonio cultural romano e do proceso de romanización. A romanización de Gallaecia no contexto da Hispania romana. - Interese e iniciativa en participar en procesos destinados a conservar, preservar e difundir o patrimonio arqueolóxico da contorna. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal. - Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e os contidos utilizados. - Estratexias e ferramentas, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas, para a autoavaliación, a coavaliación e a autorreparación.

UD	Título da UD	Duración
6	Lingua latina II.	12

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado, engadindo ó xa visto na unidade 4, a 3ª declinación e os futuros.	PE	70
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación realizada.		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos utilizando as estruturas propias da lingua latina aprendidas na aula.		
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos transparentes ou case transparentes, aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio.	TI	30
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín. - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos. - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios. - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.

UD	Título da UD	Duración
7	Latín: da teoría á práctica. Aproveitamento da lingua latina para unha mellor expresión.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	PE	70
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir textos breves e sinxelos utilizando as declinacións 1ª, 2ª e 3ª e verbos en presente, pret. imperfecto ou futuro, xustificando a tradución a partir da análise gramatical.		
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar o léxico incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.	TI	30
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir textos latinos sinxelos usando as estruturas latinas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes. - Técnicas de recoñecemento, organización e incorporación á produción escrita, oral ou multimodal de léxico de raíz común entre as distintas linguas do repertorio lingüístico individual. - Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos. - Ferramentas analóxicas e dixitais para a aprendizaxe e reflexión da lingua latina como vínculo e impulso para a aprendizaxe doutras linguas. - Estructuras oracionais básicas. A concordancia e a orde de palabras en oracións simples e oracións compostas. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.

UD	Título da UD	Duración
8	Cultura clásica latina. Mitoloxía e literatura III.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Comparar aspectos culturais pasados e presentes, partindo da antigüidade grecolatina, buscando influencias, parecidos e diferenzas.	PE	70
CA1.4 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar con detalle textos históricos, literarios, mitolóxicos e obras de arte grecolatinos, partindo e aplicando a teoría estudada.		
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	Identificar e explicar o contido, tema, ideas principais e secundarias de textos históricos, literarios ou mitolóxicos grecolatinos.		
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Explicar o contido de textos latinos de xeito contextualizado e relacionalo coa nosa cultura actual	TI	30
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Comparar, mediante elementos culturais presentes en Europa, as similitudes e diferenzas coa antigüidade latina		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar os trazos clásicos e humanistas de diversos tipos de manifestacións artísticas grecolatinas.		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar mitos grecolatinos e a súa relación con manifestacións artísticas e literarias.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Importancia da civilización latina na configuración, recoñecemento e análise crítico da nosa identidade como sociedade. Análise crítica da sociedade romana: escravitude e exclusión da muller. - Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade. - Achegamento aos aspectos xeográficos, históricos, culturais, políticos e lingüísticos da civilización latina presentes na noción actual de Europa e da súa cultura. - Estratexias e ferramentas para relacionar o pasado e o presente a partir dos coñecementos adquiridos. - Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica. - Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión... - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia. - Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas. - A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.

UD	Título da UD	Duración
9	Lingua latina. Fórmulas básicas da lingua diaria.	4

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos aplicando coñecementos doutras linguas.	PE	65
CA2.3 - Ampliar o caudal léxico e mellorar a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais de orixe latina de maneira coherente.	Ampliar dun modo efectivo o caudal léxico e mellora a expresión oral e escrita, incorporando latinismos e locucións usuais latinas de maneira coherente.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas sinxelas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos utilizando as estruturas propias da lingua latina aprendidas na aula.		
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Interpretar textos latinos de acordo co seu contexto e a experiencia propia e extraer expresión concretas para ampliar o propio léxico.		
CA3.4 - Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos comprensibles e adecuados á situación comunicativa sobre asuntos da vida cotiá, co fin de describir, narrar e informar sobre temas concretos e próximos á experiencia persoal, apoiándose, cando sexa necesario, en recursos tales como a repetición, o ritmo pausado ou a linguaxe non verbal, e mostrando empatía e respecto pola cortesía lingüística e as opinións das persoas interlocutoras, incidindo nas estratexias para iniciar, manter e rematar a comunicación verbal.	Planificar diálogos, redactar e expresar oralmente textos breves e sinxelos adecuados a situacións comunicativas da aula.	TI	35

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Léxico latino: evolución dos conceptos fundamentais da civilización latina ata a actualidade. - O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado. - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín. - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos. - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes. - Comparación entre linguas a partir da súa orixe e parentescos. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Autoconfianza, autonomía e iniciativa. O erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe. - Funcións comunicativas básicas: fórmulas de saúdo e presentación, descrición, localización, expresión de emocións etc.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Léxico de uso común e de interese relativo a identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornos próximos, ocio e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar etc. - Convencións e estratexias conversacionais básicas, para iniciar, manter e rematar a comunicación.

UD	Título da UD	Duración
10	Lingua latina IV.	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado. Ás declinacións e tempos verbais estudados nas unidades actuais engadiranse neste tema a 4ª e 5ª declinación, pronomes, pret, perfecto e imperativo.	PE	75
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación realizada, empregando todas as declinacións e os tempos verbais simples da voz activa.		
CA2.4 - Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, recoñecendo os elementos latinos en diferentes contextos lingüísticos e establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	Producir definicións etimolóxicas de termos cotiáns, científicos e técnicos, establecendo, se procede, a relación semántica entre un termo patrimonial e un cultismo.	TI	25
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos utilizando as estruturas propias da lingua latina aprendidas na aula.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado. - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín. - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos.

Contidos

- Latinismos e locucións latinas máis frecuentes.
- Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios.
- Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida.
- Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada.

UD	Título da UD	Duración
11	O latín e a cultura clásica.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Recoñecer o sentido global e as ideas principais e secundarias dun texto, contextualizándoo e identificando as referencias históricas, sociais, políticas ou relixiosas que aparecen nel, e servíndose de coñecementos sobre personaxes e acontecementos históricos xa estudados.	Recoñecer o sentido global, ideas principais e secundarias dos textos presentes no libro de lectura: Metamorfosis, de Ovidio, partindo do estudo previo da mitoloxía grecolatina.	PE	75
CA3.1 - Analizar e interpretar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, identificándoos e comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.	Identificar os aspectos morfolóxicos, sintácticos e léxicos elementais da lingua latina, comparándoos cos das linguas de repertorio do alumnado.		
CA3.2 - Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación e manifestando a correspondencia entre o texto latino e a versión realizada.	Traducir ou interpretar textos breves e sinxelos con termos adecuados e expresión correcta na lingua de ensino, xustificando a tradución ou a interpretación realizada mediante a gramática e a sintaxe aprendidas.		
CA3.3 - Producir mediante retroversión oracións e textos de dificultade axeitada utilizando as estruturas propias da lingua latina.	Producir en latín oracións e textos utilizando as estruturas propias da lingua latina aprendidas na aula.		
CA4.3 - Explicar os elementos da civilización latina, especialmente os relacionados coa mitoloxía clásica, identificándoos como fonte de inspiración de manifestacións literarias e artísticas.	Explicar mitos grecolatinos presentes en obras artísticas grecolatinas e obras artísticas actuais (literarias, plásticas...) baseadas neles.		
CA1.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as semellanzas e diferenzas coa Antigüidade latina.	Entender a simboloxía mitolóxica aplicada á cultura europea, e identificar as influencias artísticas e literarias do mundo clásico nas artes e no mundo actual.	TI	25
CA1.6 - Interpretar de maneira crítica o contido de textos latinos de dificultade adecuada, atendendo ao contexto no que se produciron, conectándoos coa experiencia propia e valorando como contribúen a entender os modos de vida, costumes e actitudes da nosa sociedade.	Interpretar en exercicios, o contido de textos de orixe latina, contextualizándoos e conectándoos de xeito sinxelo coa nosa cultura actual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Inferir significados de termos latinos aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio	Inferir significados de termos latinos transparentes ou case transparentes, aplicando os coñecementos léxicos e fonéticos doutras linguas do repertorio individual propio. Explicar os significados de palabras actuais a partir da súa orixe grecolatina.		
CA4.1 - Describir o significado de produtos culturais do presente, no contexto europeo, comparando as similitudes e diferenzas coa Antigüidade latina.	Explicar elementos culturais e artísticos do presente europeo: obras de arte, textos literarios... buscando neles influencias da antigüidade grecolatina.		
CA4.2 - Explicar de forma oral, escrita ou multimodal o carácter clásico e humanista das diversas manifestacións literarias e artísticas da civilización latina utilizando un vocabulario correcto e unha expresión adecuada.	Explicar obras de arte: literarias, plásticas, arquitectónicas... do mundo grecolatino, partindo de coñecementos teóricos dados.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Identificación das obras fundamentais da literatura latina no seu contexto e a súa pervivencia a través da tradición clásica. - Importancia dos textos clásicos latinos como testemuño daqueles aspectos constitutivos da nosa condición humana: raciocinio, emocións, relixión... - Estratexias para comprender, comentar e interpretar textos latinos a partir dos coñecementos adquiridos e da experiencia propia. - O abecedario, a acentuación e as distintas pronuncias da lingua latina: clásica, eclesiástica e nacionais, así como a súa permanencia e influencia nas linguas do repertorio lingüístico individual do alumnado. - Explicación dos cambios fonéticos máis frecuentes desde o latín culto e o latín vulgar. Un retorno ás orixes comúns: das linguas románicas ao latín. - Identificación de palabras con lexemas, sufixos e prefixos de orixe latina en textos escritos nas linguas de ensino. - Procedementos de composición e derivación latinos na elaboración de familias de palabras tanto no latín como nas linguas de uso do alumnado. - Iniciación ao significado etimolóxico das palabras. - Estratexias básicas para inferir significados en léxico especializado e de nova aparición a partir da identificación de formantes latinos. - Latinismos e locucións latinas máis frecuentes. - Redacción con corrección ortográfica e expresiva da mensaxe dun texto en lingua latina ás linguas de ensino. - Estratexias básicas para identificar, analizar e comprender unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal. - Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de adquisición de linguas tales como Portfolio Europeo das Linguas, glosarios ou dicionarios. - Reflexión e xustificación da interpretación ofrecida. - Retroversión de oracións e textos de dificultade axeitada. - Perduración do legado material (sitios arqueolóxicos, inscricións, construcións monumentais e artísticas etc.) e inmaterial (mitoloxía clásica, institucións políticas, oratoria, dereito, rituais e celebracións etc.) da cultura e civilización latinas.

Contidos

- A transmisión textual e os materiais e soportes de escritura.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Latín de 4.º de ESO debe, por unha banda, continuar a afondar na tradición clásica e ser, en certa medida, unha continuación da materia de Cultura Clásica para o alumnado que a cursase en 3.º de ESO, ou, no caso de que se cursen paralelamente ambas as dúas en 4.º, seren complementarias. Por ese motivo a programación presenta, ademais das unidades didácticas de lingua latina, en cada avaliación unha unidade centrada en aspectos de cultura clásica: mitoloxía grecolatina, literatura, historia, arte... que están relacionadas coa lingua latina e cos textos que se traballan nela. Se ben a lingua latina levará un peso maior na programación (60% da avaliación) a parte de cultura clásica (40%) íntimamente relacionada con ela, é importante para a comprensión dos textos traducidos, e da nosa propia cultura, e necesaria para evitar os prexuízos do alumnado cara o mundo clásico, ampliar o seu coñecemento do mundo e para culturizalo, especialmente se vai seguir estudando letras ou artes. O que se pretende é que o alumnado, ademais de aprender latín consolide outros contidos que en teoría e na súa meirande parte xa coñece polo seu tratamento noutras materias, mais que agora cómpre refrescar e, sobre todo, relacionar e ampliar.

A UD1 trata a mitoloxía grecolatina, centrándose nos deuses, deusas e as súas historias, e na parte de literatura, tras unha breve presentación dos xéneros literarios, con textos para exemplificalos, centrarase na épica, partindo da grega (Homero, A Ilíada e A Odisea) dada a súa influencia sobre os autores latinos, para chega á épica latina (Virxilio, A Eneida.) Estes contidos préstanse para a utilización dunha metodoloxía mixta na que se mesture a explicación da/o profesora/ cos traballos e con exercicios e actividades dirixidas. Tamén se traballarán textos literarios que inclúen a mitoloxía, como fragmentos das obras mencionadas e as Metamorfoses, do poeta latino Ovidio. É importante que o alumnado faga comentarios literarios, aproveitando así a práctica que trae niso das materias de lingua castelá e lingua galega, e que se habitúe tanto á lectura de textos menos coñecidos para el como a de outros máis cercanos ós seus gustos.

A UD2 debe fornecer o alumnado cunha visión de conxunto do latín (sincrónica e diacronicamente). Como nas unidades didácticas anteriores o profesorado pode combinar a explicación na aula con propostas de traballos en grupo ou individuais. A explicación das relacións das linguas do mundo en xeral e de Europa e a península Ibérica en particular débese facer dun modo breve, a través de exercicios de aula. É de fundamental importancia nesta unidade que o alumnado comprenda perfectamente a relación das dúas linguas habituais na nosa comunidade, galego e castelán, co latín a través dos conceptos de étimo, palabra patrimonial, palabra culta, semiculta e latinismo. Para isto é conveniente a realización de numerosos exercicios onde o alumnado teña que distinguir os tipos de palabras previamente mencionados. Tamén poden facerse exercicios sinxelos nos que o alumnado derive palabras do latín a linguas como o castelán, o galego e o francés ou reconstrúa, a partir destas linguas o étimo latino, aplicando leis fonéticas regulares. Así será conscente da evolución das linguas e da influencia do latín sobre as que el mesmo fala. Ademais traballarase a pronunciación do latín, explicando as pequenas diferencias coa pronunciación das nosas linguas, facendo exercicios sobre iso e lendo textos latinos en voz alta. Tamén tentaremos que sexa conscente dos cambios na pronuncia en distintas épocas do latín e entre o latín eclesiástico e o vulgar.

A UD3 é unha unidade basicamente de repaso, consolidación e reorganización de conceptos teóricos que o alumnado debe traer xa doutras materias. Aínda que o método de ensino de latín que se recomenda para 4.º de ESO incide na aprendizaxe activa da lingua, o alumnado en 4.º de ESO ten que dominar unha serie de conceptos teóricos morfo-sintácticos que deben ser repasados, unificados e consolidados: tipos de palabras, concepto de categoría gramatical, categorías gramaticais propias de cada tipo de palabras, diferenciación entre morfoloxía e sintaxe, funcións básicas das palabras, o concepto de oración simple e composta, a diferenza entre coordinación e subordinación. Deixamos para avanzado o curso os tipos básicos de subordinación para darlle tempo ó alumnado a lograr ese nivel de sintaxe. A isto hai que sumar, como novidade, o concepto de caso e declinación, que debe ser introducido dun modo simple para que, posteriormente, cando comece a usar e aprender a lingua latina, entenda por que dentro dunha mesma categoría gramatical perfectamente coñecida, como o número, unha mesma palabra en singular, por exemplo, presenta varias formas distintas (discipulus, discipulum, etc.). Tamén deberá o alumnado identificar casos e funcións mediante exercicios. Aconséllase aquí termar do único resto vivo de declinación que subsiste en galego e castelán, o sistema pronominal, para facer entender que iso tan estraño a primeira vista é un recurso que o alumnado utiliza de modo natural nas súas linguas de repertorio.

A UD4 supón xa o contacto coa morfoloxía, gramática e sintaxe da lingua latina. O alumnado estudará a 1ª e 2ª declinación, os presentes e pretéritos imperfectos do verbo sum e dos verbos regulares e, mediante exercicios ira asociando funcións a casos, e traducindo oracións sinxelas con palabras da 1ª e 2ª declinacións e verbos en presente e pret. imperfecto de indicativo. Isto farase de xeito gradual para facilitar a memorización.

A UD5 continúa coa mitoloxía grecolatina, tratando agora os heroes e heroínas e as súas historias. Na literatura trataremos o teatro, partindo do grego (Eurípides, Sófocles, Esquilo e Aristófanes) dada a súa influencia sobre os autores latinos e a literatura occidental, para chegar ós dramaturgos latinos (Plauto, Terencio, Séneca.) Ademais, mitoloxía e teatro están moi relacionados porque con moita frecuencia os heroes e heroínas son protagonistas das obras teatrais. Para todo isto empregaremos explicacións teóricas, exercicios e comentarios de fragmentos teatrais destes autores. Ademais trataremos os periodos, feitos e personaxes importantes da historia de Roma, empregando exercicios, esquemas, traballos con búsqueda de información en internet e material audiovisual (vídeos, películas...) Ademais, a comparación do mundo antigo co actual, préstase a exercicios de redacción e mesmo debate na clase.

A UD 6 continúa co estudo da gramática e morfosintaxe do latín, engadindo ás declinacións xa vistas, a 3ª declinación e tamén os futuros do verbo sum e dos verbos regulares. Seguimos ampliando o léxico e traballando a tradución do latín, engadindo, en oracións sinxelas, palabras da 3ª declinación e futuros ó xa traballado. Tamén empregaremos textos nos que identificaremos estes elementos.

A UD7 centrarase na consolidación do visto ata aquí, en traballar a mecánica de tradución con oracións sinxelas, e irá ampliando léxico, ademais de engadir o estudo de preposicións, conectores e adverbios. Todo mediante exercicios escritos, textos, e mesmo cuestionarios de Edixgal elaborados pola profesora, para buscar a variedade nas actividades.

A UD8 trata a terceira parte relacionada coa mitoloxía e literatura grecolatina: na mitoloxía céntrase esta vez nos humanos castigados polos deuses, coa súa simboloxía, e na literatura baséase na lírica, partindo de Safo e adicando especial atención ó poeta latino Ovidio, coa lectura de diversos textos seus e mesmo a fusión de ambas cousas, na súa obra Metamorfoses (que fai un relato, de xeito poético, dos grandes mitos gcolatinos.) Tamén habera referencias a outros poetas latinos: Horacio, Catulo, Marcial... que influiron na literatura occidental. Para traballar esta unidade recurriremos a textos seleccionados destes autores, a unha adaptación do libro Metamorfoses, para achegarse ó nivel do alumnado, a exercicios escritos e dixitais sobre mitoloxía e a material audiovisual sobre os mitos (vídeos, películas...) Tamén faremos unha presentación por ordenador, relacionando os distintos mitos con obras de arte famosas, antigas e modernas, baseadas neles (escultura, pintura...)

A UD9 céntrase nunha aplicación practica do latín á linguaxe da vida cotiá e tamén no uso do latín para ampliar o vocabulario nas nosas propias linguas. O alumnado aprenderá fórmulas de saúdo, despedida, petición e relación social en latín, ademais de léxico empregado polos romanos en distintos aspectos do día a día (cores, meses do ano, días da semana, alimentos, traballos...) Tamén se estudiará a influencia do latín como base léxica das nosas linguas, mediante o seu léxico no terreo da ciencia, a política, o dereito, a medicina. Mesmo descubriremos a considerable cantidade de vocabulario procedente da mitoloxía e o seu significado no léxico habitual que empregamos. É o momento para explicar ao alumnado a grande cantidade de material lingüístico, especialmente prefixos e sufixos, que utiliza diariamente nas súas linguas e que están tomados directamente do latín. A partir de exercicios nos que o alumnado identifique prefixos e sufixos en palabras de uso frecuente, pode chegar a deducir o valor do prefixo e a entender a causa da súa presenza en palabras nas que a simple vista non se aprecia o seu valor. Tamén, co mesmo sistema de exercicio, pódese aprender ao alumnado o valor etimolóxico de certas raíces presentes en moitas palabras das linguas de referencia. Para isto é recomendable a creación de exercicios específicos nos que a/o docente individualice os prefixos, sufixos e familias de palabras a traballar. Esta unidade didáctica pode ser secuenciada ao longo do curso e vinculada a outras. Aínda que na práctica a aprendizaxe do valor de prefixos, raíces e sufixos desenvólvese progresivamente, porén, parece aconsellable dedicar unha unidade didáctica a conformar uns fundamentos mínimos e, sobre todo, a desenvolver a capacidade de identificación e dedución a partir da comparación sistemática entre palabras que presentan un elemento común.

A UD10, ademais dun repaso do estudiado nas unidades anteriores (1ª, 2ª e 3ª declinacións, presente, pretérito imperfecto e futuro, e conectores) engade agora a 4ª e 5ª declinación, o pretérito perfecto e o imperativo. Tamén amplía o estudo de pronomes, adverbios, preposicións e conectores oracionais. Para todo isto empregaremos exercicios escritos, algún cuestionario dixital elaborado pola profesora e tamén exercitaremos estes coñecementos teóricos na tradución de oracións e textos sinxelos.

A UD 11 céntranse no tratamento dos contidos lingüísticos da materia. Nesta programación propónse, ademais do

estudo gramatical imprescindible, un achegamento os métodos de aprendizaxe activa, que parecen especialmente acaídos para o primeiro ano de estudo da lingua latina. É por iso que se recomenda que a/o docente configure unha selecta de textos de dificultade progresiva, que o alumnado terá que ler e comprender. A lectura de textos de dificultade progresiva debe ir acompañada de exercicios orais e escritos de comprensión e expresión. En todo caso, ao final de cada unidade didáctica pode ser conveniente levar a cabo unha sistematización da gramática e vocabulario explicado. Esta unidade, na parte lingüística, centrarase na aplicación progresiva á práctica do estudado de xeito teórico (gramática latina), mediante traducións de oracións sinxelas e textos breves. É unha unidade que se traballará nas tres avaliacións, de xeito gradual. Así, na 1ª avaliación traduciranse oracións con palabras da 1ª e 2ª declinacións e con verbos en presente e pret. imperfecto de indicativo, na 2ª avaliación engadiremos ás anteriores palabras da 3ª declinación, futuros e algúns pronomes, e na 3ª avaliación, palabras da 4ª e 5ª declinación, pretéritos perfectos e imperativos, xunto a máis pronomes. A idea é consolidar a mecánica e a práctica de tradución pouco a pouco e de xeito gradual para acabar o curso traducindo oracións con palabras de calquera declinación, certos pronomes e os tempos verbais simples da voz activa. Para iso a profesora elixirá oracións e textos sinxelos, sentando unha base que permitirá en cursos superiores enfrontarse a textos máis difíciles. Na parte de cultura clásica, esta unidade, que tamén se tratará nas tres avaliacións, permitirá a lectura de obras literarias grecolatinas, que tamén inclúen aspectos mitolóxicos, como Metamorfoses de Ovidio, e que conectarán ademais con obras de arte clásicas e actuais. Para todo isto empregaremos textos, libros de lectura, vídeos, películas, presentacións por ordenador, exercicios escritos individuais, cuestionarios dixitais e a opción de que o alumnado elabore algún traballo de investigación e de exposición por parellas ou nalgún grupo de tres (dado que o grupo é pequeno.)

Con respecto á lingua latina parece relevante comentar que o horizonte de contidos gramaticais que se utilizou como referencia foi o seguinte: ó final do curso o alumnado debería coñecer e manexar con certa soltura: 1) a flexión nominal en todos os seus casos de substantivos e adxectivos da 1.ª, 2.ª, 3ª, 4ª e 5ª declinación; 2) os pronomes persoais así como is ea id e o interrogativo quis/qui quae quid/quod; 3) a flexión verbal no modo indicativo nos tempos de presente, pret. imperfecto, futuro, pret. perfecto e o imperativo de presente dos verbos das catro conxugacións, e máis os verbos sum, eo e fero; 4) o maior número posible de preposicións, adverbios e conectores de uso frecuente, unha cantidade de léxico que lle permita defenderse e a capacidade de traducir oracións sinxelas con palabras das cinco declinacións e os tempos verbais mencionados.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
LIBRO/S DE TEXTO, FOTOCOPIAS, E OUTROS MATERIAIS:
- Método tradicional ou gramaticalista: calquera libro de calquera editorial que oferte libro de latín para 4.º de ESO.
- Libros de lectura: Metamorfoses (de Ovidio, adaptación) e selección de textos literarios feita pola profesora. Fotocopias e exercicios elaborados pola profesora.
MATERIAL AUDIOVISUAL (vídeos, películas e presentacións por ordenador)
AULA VIRTUAL EDIXGAL, REDES SOCIAIS
ORDENADOR DE AULA E PROXECTOR E/OU TABOLEIRO DIXITAL
APLICACIÓNS OFIMÁTICAS EN ORDENADOR E/OU REDE
DICIONARIOS, EN PAPEL E DIXITAIS, DE LATÍN E DE MITOLOXÍA GRECOLATINA
MÉTODOS ACTIVOS: o profesorado pode utilizar material e exercicios dalgúns destes libros, segundo o considere oportuno (sen que iso supoña obrigatoriedade pola súa parte)
a) Le Latin, de C. Desessard, 2015, e Curso de latín de Cambridge, editado pola Universidad de Sevilla.
b) Forum. Lectiones Latinitatis Viuae. AA.VV, Xerusalén, 2017, e Via Latina. De lingua et uita Romanorum, de M.ª L. Aguilar e J. Tárrega, Granada, 2022.

c) Familia Romana, de H. H. Orberg, Roma, 2010; co libro correspondente de exercicios (Exercitia Latina I).

- LIBRO DE TEXTO, FOTOCOPIAS: As ofertas editoriais na materia de latín están marcadas por dúas circunstancias. En primeiro lugar, o descenso de alumnado conlevou unha perda de interese por parte de moitas editoriais en ofrecer un método para esta materia. Por outra banda, as editoriais que ofrecen unha proposta didáctica, normalmente parten da tradición gramaticalista que considera que o obxectivo da materia é dotar ao alumnado dun coñecemento amplo da gramática latina, apoiado nun sólido coñecemento de sintaxe, que permitirá que coa axuda dun dicionario ou léxico o alumnado traduza os textos. Neste centro, posuímos un banco de libros de latín que prestamos a principio de curso e recollemos ó rematar. Ven cun pequeno dicionario. Ademais prestamos a cada alumno ou alumna libros de lectura e a profesora facilita fotocopias de apuntes e de exercicios elaborados por ela.

-ORDENADORES PROXECTO EDIXGAL: O alumnado conta co seu ordenador para aspectos dixitais, prestado a principio de curso, que se recolle ó rematar.

- AULA VIRTUAL: A aula virtual debe ser o espazo útil no desenvolvemento de calquera materia, xa que nela hase recoller información relevante que atinxa ao curso. Aquí deben estar recursos organizados por temas: cuestionarios teóricos e/ou exercicios prácticos.

- ORDENADOR DE AULA E PROXECTOR E/OU TABOLEIRO DIXITAL: Estes recursos xa son comúns nas nosas aulas. Son de especial relevancia naquelas materias ou partes da materia onde non se utiliza libro de texto. Interesantes para cuestións relacionados coa cultura grecolatina: mitoloxía, literatura, historia e arte. Permite presentacións, vídeos, películas, documentais elaborados ou seleccionados pola profesora.

- APLICACIÓNS OFIMÁTICAS EN ORDENADOR E/OU REDE: O alumnado debe estar afeito a traballar con programas e/ou aplicacións ofimáticas que lle permitan elaborar presentación, liñas de tempo, textos con imaxes, etc. É tamén importante insistir na conveniencia de traballar, no ámbito escolar, con programas ou aplicacións de licenza libre como a suite ofimática LibreOffice. Hai tamén que incentivar a creatividade e o traballo orixinal, premiando e valorando a capacidade de creación e elaboración de traballos orixinais.

- REDES SOCIAIS: É fundamental que se dispoña dunha rede social a través da cal o alumnado poida participar e desenvolver activamente aspectos da materia. A experiencia aconselle que se traballe cunha soa rede social, evitando así a dispersión, e que esta sexa de uso habitual por parte do alumnado.

Naqueles momentos no que a profesora decida optar por métodos activos, pode tomar como referencia os citados nesta programación e que deseguido se comentan:

- Familia Romana, de H. H. Orberg, Roma, 2010; este é o 1.º libro do coñecidísimo método de aprendizaxe de latín de Hans Orberg. Trátase dun material dunha calidade perfectamente contrastada, que dispón dunha grandísima cantidade de materiais complementarios en rede e que permite ao persoal docente que o empregue compartir experiencia cun grande número de docentes tanto en España como no resto do mundo. No seu debe, porén, pódese dicir que a historia que serve de fío condutor ao libro avanza con moita lentitude e que se pode facer ás veces aburrida.

- Via Latina. De lingua et uita Romanorum, de M.ª L. Aguilar e J. Tárrega, Granada, 2022. Conservando a ortodoxia do método de Orberg, esta proposta presenta un novo tema como fío condutor dos textos, a historia de Roma. Procúrase así superar un dos grandes defectos do método do profesor danés. Ademais, a elección da historia de Roma como núcleo temático permite vincular dun modo máis acaído a explicación ou tratamento doutros tipos de contidos (por exemplo, históricos). Os textos van acompañados de todo tipo de actividades e síntese gramatical ao final de cada lección.

- Forum. Lectiones Latinitatis Viuae. AA.VV, Xerusalén, 2017. Este método, ben deseñado e traballado, procura claramente a aprendizaxe do latín como lingua de comunicación para a vida cotiá. Isto fai que traballe especialmente os diálogos, así como temas e campos semánticos moi vinculados á actualidade. É un libro que o profesorado debe coñecer, porque del pode obter un grande caudal de expresións e usos para mellorar a súa capacidade de expresión en latín na aula. En 4.º de ESO pode ser de especial utilidade na aula, se se opta por priorizar o uso activo da lingua.

- Le Latin, de C. Desessard, 2015. Esta proposta pertence á colección de métodos para aprendizaxe de linguas da editorial Assimil. Trátase dun clásico dentro dos métodos activos. É un método que o profesorado de latín debe coñecer e que poder aproveitar, especialmente, para se facer cunha grande cantidade de vocabulario para facer referencia á vida moderna.

- Curso de latín de Cambridge, editado pola Universidad de Sevilla. Trátase dunha adaptación ou versión española deste método británico. Pode ser unha moi boa opción para o profesorado que queira traballar en 1.º de bacharelato co método Orberg e que, por tanto, procure textos distintos dentro dunha mesma liña metodolóxica para 4.º de ESO.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Latín de 4º de ESO non é continuidade de ningunha outra materia. Hai que ter en conta, porén, que o alumnado ou, cando menos, parte del, pode ter cursado Cultura Clásica en 3.º de ESO. Así pois, a avaliación inicial debe ter como obxectivos:

- 1.º Detectar e/ou confirmar que alumnado cursou en 3.º ESO Cultura Clásica.
- 2.º Detectar e/ou confirmar que alumnado está a cursar en 4.º de ESO Cultura Clásica.
- 3.º Detectar e/ou confirmar a presenza de alumnado con NEAE (esta información será contrastada posteriormente co Departamento de Orientación).
- 4.º Coñecer cales son as motivacións que levaron ao alumnado a escoller a materia de Latín.
- 5.º Coñecer cal é o grao de conectividade a internet fóra do centro.
- 6.º Saber cal é o grao de coñecemento do alumnado sobre a civilización e cultura romana.

Para alcanzar estes obxectivos a/o docente pode elaborar un test ou proba que o alumnado debería completar nunha das primeiras sesións. Tendo en conta que o alumnado non cursou a materia de latín en cursos anteriores, partes desta proba poden ser substituídas por un diálogo informal na aula, para saber que coñecementos ten de cultura clásica (mitoloxía, literatura, historia do mundo grego e romano e aspectos de arte) que poden proceder, ben da materia de 3º, ben doutras materias. Sí pode elaborar algúns exercicios relacionados con coñecementos lingüísticos e gramaticais (categorías gramaticais, funcións sintácticas...) que proceden do estudo de outras lingua (galego, catalán...) e que serán importantes á hora de abordar o estudo do latín. Tamén pode haber exercicios relacionados con prefixos e sufixos de orixe latina, e con cultismos e palabras patrimoniais que si se estudan en galego e castelán. En todo caso, isto será meramente informativo e non contará na nota da 1ª avaliación. Os datos e información obtida nesta avaliación inicial deben servir para modificar ou adaptar aspectos da programación ás circunstancias concretas do grupo.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	14	3	3	14	14	12	4	12	5	10
Proba escrita	70	75	70	70	70	70	70	70	65	75
Táboa de indicadores	30	25	30	30	30	30	30	30	35	25

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	9	100
Proba escrita	75	71
Táboa de indicadores	25	29

Criterios de cualificación:

A información da avaliación farase en tres partes ó longo do curso, coincidindo coas avaliacións oficiais. Haberá ademais unha avaliación final.

En cada avaliación haberá polo menos, dous exames ou probas escritas, centrados en aspectos de latín de de cultura

clásica, elaborados de acordo cos criterios correspondentes, probas que contarán un 70% da nota. Tamén haberá unha proba sobre unha obra literaria seleccionada pola profesora, que contará un 15%. O outro 15% da nota será avaliado a partir de varias cousas: exercicios, tanto orais (exposicións, discursos, respostas a preguntas en clase, lectura expresiva...) como escritos, en diversos formatos: follas de exercicios, cuestionarios e exercicios por EDIXGAL, traballos sobre textos, participación en proxectos centrados en aspectos de investigación e análise textual, relacionados coa cultura, mitoloxía ou literatura, que poden ademais conectar con outras materias e artes.

Esta ponderación baséase nas porcentaxes establecidas no conxunto das respectivas unidades didácticas de cada trimestre.

(Se por cuestións de tempo ou por outros factores, non poidesen realizarse todos os exercicios, proxectos ou lecturas previstas, podería haber un trasvase de nota entre a porcentaxe dos exercicios e a das lecturas, variación que non superaría o 5%. A porcentaxe da nota das probas escritas, exames, seguiría manténdose no 70%)

Por tanto, en cada avaliación, como dixemos, ponderaranse tres variables

a) Probas escritas (exames) , que contarán un 70% da nota da avaliación.

b) Traballos en clase, segundo táboas de indicadores: exercicios individuais tanto orais como escritos, feitos en clase e na casa, cuestionarios, exercicios grupais, con adecuación ás normas de cortesía lingüística, elaboración de proxectos e exposicións... Isto contará un 15% da nota.

c) Proba escrita sobre un libro de lectura seleccionado pola profesora e lido en cada avaliación. Contará un 15% da nota.

CONDICIÓNS NECESARIAS PARA APROBAR CADA AVALIACIÓN (1ª, 2ª e 3ª)

A) A nota total obterase de acordo coas porcentaxes xa establecidas (70% exames, 15% lecturas, 15% exercicios e traballos)

B) Para lograr o aprobado, a nota resultante desa porcentaxe, obtida polo alumno ou alumna en cada avaliación, deberá ser igual ou superior a 5.

- Os exercicios, traballos, lecturas e proxectos formarán parte da nota, pero non substituirán ós exames ou probas escritas.

- Teranse en conta, ademais a corrección dos exercicios, o desenvolvemento deles amosado polo alumno/a e a entrega ou realización dentro do prazo solicitado, prazo de obrigado cumprimento. Isto valerá tanto para os exercicios e traballos feitos en clase como para os que deberán facer na casa.

- Se un alumno/a non se presenta a un ou varios exames, terá a obriga de facelos posteriormente para acadar a correspondente porcentaxe da nota. Dado que o alumno/a non se presentou na data fixada, o profesorado decidirá como será o correspondente exame, e tamén a data e o momento no que se fará, sen necesidade de avisar con días de antelación.

- Os alumnos e alumnas que suspendan unha ou varias avaliacións, terán, no curso, a posibilidade dunha proba escrita presencial (exame) para recuperalas. Eses exames incluírán criterios de lingua e de literatura. O profesorado decidirá a data, avisando en clase con antelación. Para aprobar deberán obter unha nota igual ou superior a 5.

A AVALIACIÓN FINAL :

De acordo coa última actualización da normativa, a sesión da terceira avaliación de cada grupo coincidirá no tempo coa sesión de avaliación final do mesmo, e serán no mes de xuño.

Para aprobar a materia na avaliación final, deberán cumprirse estas dúas condicións:

1. En cada unha das tres avaliacións a nota debe ser igual ou superior a 5.

2. A nota da avaliación final será a media aritmética das tres avaliacións. Para obter o aprobado esa media terá que ser igual ou superior a 5.

- O alumnado que non aprobase unha ou varias avaliacións, e ó que a media delas non lle dea unha nota igual ou superior a 5, deberá recuperalas, cos exames correspondentes, antes da avaliación final, para poder aprobala. Os exames, centraranse nos criterios básicos do curso, de latín e cultura clásica, traballados nas avaliacións. Estarán valorados sobre 10 puntos, e o aprobado, esixirá obter unha cualificación igual ou superior a 5. En caso de aprobalas, as notas desas recuperacións pasarán a formar parte da media para a avaliación final.

En caso de non aprobar coa media das tres avaliacións, deberá presentarse a un exame final, nas condicións que expoñemos agora e que figuran tamén nos criterios de recuperación:

- O alumnado que non aprobe as correspondentes recuperacións das avaliacións, ou non obteña, na media aritmética das tres avaliacións, unha puntuación igual ou superior a 5, para aprobar na avaliación final, terá que presentarse a un exame final da materia, centrado nos criterios básicos, traballados ó longo do curso. O exame cualificarase nun máximo de 10 puntos, e o aprobado esixirá unha cualificación igual ou superior a 5.

- En caso de que o alumno ou alumna teña que facer o exame final, por non ter aprobado unha ou varias avaliacións, a nota da avaliación final poderá ser, ou ben a media das tres avaliacións ou ben a nota dese exame final, elixindo entre ambas posibilidades a que máis favoreza ó alumno alumna.

Criterios de recuperación:

- O alumnado que non aprobase unha ou varias avaliacións, e ó que a media delas non lle dea unha nota igual ou superior a 5, deberá recuperalas, cos exames correspondentes, antes da avaliación final, para poder aprobala. Os exames, centraranse nos criterios básicos do curso, de latín e cultura clásica, traballados en cada avaliación. Estarán valorados sobre 10 puntos, e o aprobado, esixirá obter unha cualificación igual ou superior a 5. En caso de aprobalas, as notas desas recuperacións pasarán a formar parte da media para a avaliación final.
- O alumnado que non aprrobe as correspondentes recuperacións das avaliacións, ou non obteña, na media aritmética das tres avaliacións, unha puntuación igual ou superior a 5, para aprobar na avaliación final, terá que presentarse a un exame final da materia, centrado nos criterios básicos de latín e cultura clásica, traballados ó longo do curso. O exame cualificarase nun máximo de 10 puntos, e o aprobado esixirá unha cualificación igual ou superior a 5.
- En caso de que o alumno ou alumna teña que facer o exame final, por non ter aprobado unha ou varias avaliacións, a nota da avaliación final poderá ser a media das tres avaliacións ou a nota dese exame final, elixindo entre ambas posibilidades a que máis favoreza ó alumno alumna.

6. Medidas de atención á diversidade

Medidas de atención á diversidade ordinarias.

En función dos trazos definitorios do alumnado e da dinámica de aula, as medidas de atención ordinarias á diversidade, entre outras, poden ser:

- Colocación selectiva do alumnado dentro da aula :alumnado con máis dificultade poden ser colocados máis próximos ó profesorado, taboeiro, pantalla de proxección...
- Agrupación específica do alumnado dentro da aula: poden sentarse alumnos e alumnas con máis dificultade xunto a outros que poidan prestarlles axuda en actividades concretas.
- Asignación de tarefas de repaso para o alumnado: alumnos con dificultade poden verse beneficiados con certos exercicios de repaso.

Facemos constar que, dado que esta optativa soe presentar pequenos grupos, a atención persoalizada é máis doada, o que xa supón un reforzo. Ademais, a inclusión de aspectos relacionados coa cultura clásica, que xa figuran nos contidos e criterios da programación, e na porcentaxe de nota establecida en exames, exercicios e lecturas, soe ter un carácter motivador para o alumnado e axuda nas cualificacións, compensando, ata certo punto, dificultades que poida plantexar a gramática latina.

Medidas de atención á diversidade extraordinarias.

En función dos trazos definitorios do alumnado e da dinámica de aula, as medidas de atención extraordinarias á diversidade máis frecuentes poden ser:

- Elaboración dunha adaptación curricular individualizada (que non é precisa este curso, dadas as características do alumnado deste grupo)
- Reforzo educativo mediante repasos, explicacións concretas, posibilidade de recuperación para os que suspendan, actividades ou tempos en función das necesidades do alumnado.

O alumnado que curse de novo 4.º de ESO (repetición de curso) terá os mesmos contidos, actividades e o mesmo sistema de avaliación e cualificación que o resto, aínda que a partir dunha valoración de necesidades específicas de reforzo educativo, hanse especificar, de ser o caso, certas medidas concretas de actuación e seguimento que figurarán, de ser necesarias, no plan correspondente.

Dado que esta materia non se da en cursos anteriores, non é preciso tomar medidas para alumnado coa materia pendente.

A atención á diversidade estará coordinada co resto do equipo educativo e co Departamento de Orientación.

Facemos constar que no pequeno grupo que está matriculado este curso, non figura alumnado con necesidades específicas, cousa que xa se viu na avaliación inicial. Aínda que de entrada non precisan medidas específicas, estaremos atentos por se algún ou algunha presenta problemas concretos. Nese caso, recurriremos a medidas de reforzo como repetir explicacións, reforzar exercicios en clase naqueles aspectos que supoñan máis dificultade, conceder algo máis de tempo nos exames, revisar a colocación do alumnado na aula, como xa mencionamos neste mesmo apartado.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual.	X	X		X	X	X		X
ET.3 - A competencia dixital.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - O emprendemento social e empresarial.								
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X	X			X	X	X	X
ET.7 - A igualdade de xénero.	X				X	X		X
ET.8 - A creatividade.	X	X			X		X	X

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita.	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual.		X	X
ET.3 - A competencia dixital.	X	X	X
ET.4 - O emprendemento social e empresarial.	X		
ET.5 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X
ET.6 - A educación emocional e en valores.	X		X
ET.7 - A igualdade de xénero.			X
ET.8 - A creatividade.	X		X

Observacións:

1. A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita. Será obxecto de traballo constante durante todo o curso, tanto na lingua propia do alumnado como en latín. 2. A comunicación audiovisual. Pódese traballar especialmente nas UD de legado e de lingua latina, mediante a proposta de actividades nas que se recorra a materiais audiovisuais (presentacións, documentais, vídeos, películas...), isto é moi interesante para ilustrar a parte de cultura clásica (mitoloxía, literatura, historia e arte.) 3. A competencia dixital. Hase traballar durante todo o curso fomentando o uso de programas e aplicacións ofimáticas para a elaboración de actividades e/ou traballos, con especial atención ao uso e aproveitamento dos recursos da aula virtual do centro. 4. O emprendemento social e empresarial. Pódese traballar especialmente na unidade na que se tocan aspectos sociais e económicos da sociedade romana, como parte da vida cotiá no mundo romano. 5. O fomento do espírito crítico e científico. Débese traballar durante todo o curso, procurando a reflexión crítica e razoada do alumnado perante a realidade social, económica, cultural, relixiosa e lingüística do mundo romano. 6. A educación emocional e en valores. As emocións son trazos inherentes aos seres humanos que deben ser coñecidas e asumidas para podermos comprender os comportamentos e reaccións das/os que nos rodean. Os valores, especialmente o de respecto á diversidade en sentido amplo, deben ser postos de manifesto dun modo práctico e constante na aula. 7. A igualdade de xénero. Especialmente relevante no tratamento da sociedade do mundo antigo, na súa mitoloxía e na súa literatura (UD nas que se debe incidir na grande evolución e cambio que separa a nosa sociedade da romana, pero tamén en aspectos discriminatorios que persisten na nosa cultura e que deben corrixirse). Este elemento transversal debe informar todo o tratamento da materia, aproveitando calquera oportunidade para facer referencia a el e motivar ao alumnado a evitar calquera comportamento e/ou expresión na que se evidencie unha actitude contraria ou de rexeitamento do mesmo. 8. A creatividade. Ten cabida na maioría das UD propostas especialmente nas relacionadas coa parte de cultura clásica, xa que é misión da/o docente incentivar en calquera eido da materia o desenvolvemento da creatividade e iniciativa do alumnado.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Asistencia a unha obra de teatro clásico	O alumnado asistirá á representación dunha traxedia grega clásica e dunha comedia romana. Se non fora posible facelo en directo, tentariamos presentarllas obras de teatro filmado		X	X
Visita a un castro próximo á localidade e outros monumentos de época prerromana ou romana, e a algún museo arqueolóxico.	O alumnado visitará un castro e/ou algún outro monumento de época prerromana ou romana coa finalidade de ver o contraste entre os modos de vida previos á chegada dos romanos e os que traen estes consigo. Tamén tentaremos asistir a algún museo arqueolóxico.		X	
Visionado de películas relacionadas coa mitoloxía grecolatina e coa historia de Roma.	En cada avaliación proxectaremos, dentro do posible, vídeos e películas relacionadas con lecturas e aspectos históricos vistos nas clases.	X	X	X
Obradoiros e actividades relacionados co mundo clásico.	Participación en charlas, xogos, presentacións e lecturas relacionadas coa cultura grecolatina	X	X	X

Observacións:

- Teatro. A asistencia ao teatro é unha actividade que permite traballar a un mesmo tempo distintos aspectos da materia. Por unha banda, o alumnado asiste a dúas representacións teatrais que, como espectáculo vivo, vai desencadear nel reaccións diversas; dende o rexeitamento e o aburrimiento, ata o interese e paixón por un espectáculo, o teatro, que cada vez é menos accesible. Ao mesmo tempo vai permitir traballar previamente na aula unha serie de contidos do máximo interese para a propia materia: o espectáculo teatral na antigüidade, os xéneros teatrais do mundo clásico e a súa influencia e pervivencia no mundo actual e os costumes, crenzas, valores, sociedade, etc. do mundo clásico.

-Visita a un castro e/ou monumentos de época prerromana ou romana. Esta actividade permite que o alumnado poida ver dun modo directo os cambios que supuxo a chegada dos romanos a Galicia, observando os hábitos de vida e as modificacións introducidas polos novos conquistadores. Esta actividade é tamén unha grande oportunidade para a desmitificación de determinadas visións da chegada dos romanos a Galicia, en particular, e a Hispania, en xeral, para destacar, por exemplo, os métodos de sometemento brutais das poboacións autóctonas e a explotación sistemática dos seus recursos.

- Visita a un museo arqueolóxico. Esta visita é realmente complementaria á actividade anterior, podéndose desenvolver nunha mesma xornada se se visita un museo local. Parece especialmente recomendable a visita do Museo Arqueolóxico Nacional en Madrid.

- Obradoiros e actividades de recreación do mundo clásico. Este tipo de actividades permiten un achegamento máis distendido e práctico ao mundo antigo, dado que o alumnado non soamente ve, senón que tamén pode aprender dun modo práctico aspectos do mundo antigo tan interesantes e relevantes para a nosa tradición cultural como, por exemplo, a escritura sobre soportes como papiro e pergameo, a influencia da mitoloxía grecolatina nas diversas artes, o entretenemento e aprendizaxe con xogos de lingua, mitoloxía, literatura, historia...

Algunhas destas actividades formarán parte do traballado en cada avaliación. Outras dependerán da oferta e posibilidades de organización do centro, polo que están suxeitas a cambios, modificacións de datas ou poderán ser substituídas por outras se non poden levarse a cabo.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación.
Metodoloxía empregada
2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado.
3. Os resultados de avaliación ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso.
Medidas de atención á diversidade
4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación.
Clima de traballo na aula
5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia é alto e responde ao previsto na programación.

Descrición:

Estes cinco indicadores son esenciais neste punto da programación e esixen unhas metodoloxías, instrumentos e temporalizacións distintas para poderen ser medidos.

1. O traballo de aula (contidos, metodoloxía, temporalización) correspóndese co previsto na programación. Para avaliar este indicador de logro a persoa docente debe revisar que tanto os contidos, os tempos e o modo en que se está a traballar na aula son os que se corresponden co establecido na programación. En caso de que haxa diverxencias, estas así como as súas causas deben ser consignadas nalgunha acta de departamento para, ao cabo do curso, facer unha valoración que sirva para modificar a programación do curso seguinte. O feito de que a aplicación PROENS estableza un seguimento, marca xa a temporalización deste traballo. Instrumento: táboa de indicadores.

2. Os resultados de avaliación son os esperados a partir do traballo e actitude mostrada polo alumnado. A persoa docente, especialmente en grupos que adoitan ter un número de alumnado pequeno, normalmente ten unha previsión dos resultados que terán as persoas discentes en base ás súas observacións diarias na aula. É importante que esta previsión se cumpra, dado que iso evidenciará que a observación e as impresións recibidas durante a avaliación son as correctas. Este acerto na previsión permitirá á persoa docente dar consellos útiles e, no seu caso, tomar as medidas oportunas para que o alumnado mellore o seu rendemento académico, de ser o caso.

3. Os resultados ao final de curso son os esperados en función do traballo e actitude mostrada polo alumnado e reflicten as medidas tomadas durante o curso. Derivación lóxica do indicador de logro anterior, este pretende medir o acerto da observación como, en particular, a efectividade das medidas tomadas durante o curso para mellorar o rendemento académico do alumnado.

4. Detéctanse con celeridade as/os ACNEAE e póñense en marcha as medidas precisas en colaboración co Departamento de Orientación. A avaliación deste indicador de logro pódese facer a finais do mes de outubro, momento no que todo o alumnado con necesidades especiais de apoio educativo debería estar identificado e as medidas a tomar xa planificadas. Ademais da observación directa da persoa docente na aula, é moito importante o correcto aproveitamento e deseño da avaliación inicial e, en especial, a coordinación co resto do profesorado e co Departamento de Orientación. Facemos constar que neste curso concreto non hai matriculado en latín alumnado con necesidades especiais.

5. O grao de satisfacción do alumnado coa materia é alto e responde ao previsto na programación. A satisfacción do alumnado co traballo realizado na aula é un dos aspectos menos desenvolvidos na práctica docente en xeral e que, porén, pode, ben administrado, ser unha fonte moi positiva e rendible de información tanto para o enfoque da materia dende un punto de vista académico como dende o punto de vista do labor docente. O docente observará no día a día a reacción do alumnado tendo en conta: 1) O seu interese cara os contidos da materia; 2) A súa actitude con respecto á metodoloxía desenvolvida e o ambiente de traballo na aula. 3) A modificación ou non de posibles prexuízos iniciais con respecto ó latín e ás letras en xeral. 4) Os avances que mostran na materia.

Estes bloques permiten obter unha información imprescindible para valorar o desenvolvemento da materia en xeral e son, xunto cos indicadores anteriormente citados, un instrumento útil para a introdución de modificacións na programación.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

1. Procedemento de seguimento.

En cada avaliación, no apartado de seguimento da programación da aplicación PROENS, procederase a cumprimentar os datos que esta requira: grao de cumprimento, propostas xerais de mellora e outras observacións. Ademais, nunha acta da reunión de departamento, hase facer, cando menos, unha breve referencia ao seguimento da programación.

2. Procedemento de avaliación.

Para avaliar a programación a final de curso hanse ter en conta os seguintes parámetros:

- a. Resultados académicos do grupo.
- b. Eficacia das medidas de atención á diversidade adoptadas (no caso de ser necesarias)
- c. Grao de cumprimento da programación e, no seu caso, causas dos incumprimentos que poida haber nalgúns aspectos.

A valoración do grao de cumprimento destes indicadores debe dar lugar a propostas de modificacións e mellora para o curso vindeiro, que se deben reflectir na memoria de final de departamento e máis na programación do seguinte curso.

9. Outros apartados